DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 12:51:24



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:22
Nº Rexistro: 34909
Data envío: 27/08/2018 10:22:50.461

Data 27/08/2018 10:22

AG/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14069**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre a intención do Goberno galego de elaborar un novo Plan de xestión de residuos urbanos”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia para o período 2016-2022 está plenamente vixente tras terse actualizado, en decembro do 2016, os seus obxectivos e prazo de vixencia en concordancia co Plan Estatal Marco de Residuos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:22
Nº Rexistro: 34909
Data envío: 27/08/2018 10:22:50.461

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:22:46



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14101**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intención do Goberno galego de integrar no Imelga os equipos psicosociais dos xulgados, tal e como establece a Lei Orgánica do Poder Xudicial”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os equipos técnicos de menores, dependentes funcionalmente da Fiscalía e dos xulgados de menores, interveñen no ámbito do proceso xudicial de responsabilidade penal dos menores infractores, ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, consistindo a súa actuación en propoñer ao fiscal e ao xuíz as medidas de natureza sancionadora-educativa máis adecuadas para o caso de que a sentenza xudicial determine a responsabilidade do menor infractor (artigos 7 e 27 da dita Lei).

Por outra parte, os equipos psicosociais están integrados no Imelga mesmo antes de que se recollera dita posibilidade na Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), como pode comprobarse acudindo á RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De feito, xa no Decreto 119/2005, de 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia -isto é, moito antes da reforma da LOPX-, na disposición transitoria segunda sobre integración do persoal sinálase que ‘os psicólogos, persoal laboral con centro de destino nos xulgados de primeira instancia, familia e primeira instancia e instrución, quedarán integrados no Instituto de Medicina Legal, no ámbito da súa respectiva subdirección’.

A convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo ,como todas as medidas da LORPM, non responde a unha reivindicación social. Se trata dunha medida imposta polo xulgado de menores competente nunha sentenza, atendendo á solicitude formulada polo Ministerio Fiscal, valoradas as circunstancias do menor e os feitos obxecto de axuízamento.


O artigo 19 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, establece regras específicas para a execución da medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, sinalando que será a entidade pública quen seleccione a persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo para a execución da medida.

A medida de convivencia se ven executando por parte da entidade pública en centros de protección. Se trata de grupos educativos estables que veñen traballando cos menores, cumprindo a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socio afectivas prosociais nos menores. Polo tanto, constitúen a criterio da Entidade Pública un recurso educativo alternativo a súa familia que dá resposta ás necesidades das persoas menores orientándoas no seu proceso de socialización. Proporcionan ás persoas menores un entorno socio educativo no que desenvolver actitudes e habilidades que faciliten o seu proceso de socialización, nun contexto educativo no que cobra especial importancia a convivencia co grupo.

Sen prexuízo de contar co recurso dos centros de protección para a execución da medida de convivencia na súa vertente de grupo educativo a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica consciente da necesidade de dar maior contido á medida, deseñou un programa que permite levar a cabo a execución desta medida contando con persoas individuais ou familias que colaboren nela, proporcionando á persoa menor un entorno diferente ao propio, no que desenvolva as súas vivencias básicas e educativas.

O programa vai dirixido á captación , valoración, formación e seguimento de persoas e familias que estean dispostas a colaborar na execución da medida na súa vertente de convivencia con outra persoa ou familia.

No ano 2017 se desenvolveu o programa na provincia da Coruña permitindo incorporar ao programa un grupo de persoas ou familias interesadas en colaborar na execución desta medida. Dende o mes de abril este programa tamén se desenvolve na provincia de



Pontevedra co fin de contar nesa provincia con persoas ou familias que colaboren acollendo a menores que teñen que cumprir a dita medida.

Dende o ano 2009 foron numerosas as reunións de coordinación entre os profesionais que traballan no ámbito de reforma que se levaron a cabo ao abeiro do establecido na LORPM, tendo en conta o elevado número de actores implicados na execución das medidas.

No ámbito autonómico a Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantivo reunións coas Xefaturas territoriais competentes así como coa dirección dos centros e os responsables dos centros de intervención en medio aberto onde se leva a cabo a execución das medidas non privativas de liberdade co fin de establecer mecanismos de coordinación de cara á execución das medidas en toda a Comunidade.

Así mesmo, véñense celebrando reunións de coordinación cos xuíces e fiscalías de menores co fin de poñer en común aqueles aspectos e dificultades que presenta a aplicación práctica da LORPM así como do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Dende as xefaturas territoriais lévanse a cabo así mesmo reunións cos responsables da execución de medio aberto e os centros así como cos xuíces e fiscais de menores provinciais de cara a establecer unha eficaz coordinación entre todos os profesionais que interveñen no ámbito de reforma en cada provincia.

De acordo co establecido no artigo 19 da LORPM o Ministerio Fiscal pode desistir da continuación do expediente atendendo á gravidade e circunstancias dos feitos e do menor infractor, de xeito particular á falta de violencia ou intimidación grave na comisión dos feitos e á circunstancia de que o menor se concilie coa vítima ou asuma o compromiso de reparar o dano causado ou se comprometa a cumprir a actividade educativa proposta polo equipo técnico.

As funcións de mediación lévanse a cabo polos Equipos Técnicos dos Xulgados de Menores. A Consellería de Política Social colabora en moitos casos nas reparacións, no caso de que o menor asuma o compromiso de levar a cabo accións en beneficio da vítima ou da comunidade, poñendo a disposición do menor infractor os recursos necesarios para que leve a cabo a actividade reparadora e supervisando que efectivamente se levou a cabo.

A colaboración na reparación se leva a cabo en cada provincia polas entidades colaboradoras no marco do convenio asinado con esta consellería para a execución das medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na LORPM cuxo orzamento ascendeu no ano 2017 a 470.805,72 € na provincia da Coruña , 263.921,04€ na provincia de Lugo; 255.714,28€ na provincia de Ourense e 331.166,07 € na provincia de Pontevedra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 12:51
Nº Rexistro: 35203
Data envío: 28/08/2018 12:51:11.728

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 12:50:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14256**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en A Gudiña”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:41
Nº Rexistro: 35164
Data envío: 28/08/2018 10:41:48.858

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:41:45



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14257**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en Barbantes”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:41
Nº Rexistro: 35163
Data envío: 28/08/2018 10:41:41.592

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:41:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14258**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en Cortegada”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:40
Nº Rexistro: 35160
Data envío: 28/08/2018 10:40:15.106

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:40:11



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14259**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en Leiro”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:40
Nº Rexistro: 35159
Data envío: 28/08/2018 10:40:07.481

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:40:03



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14260**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en Trives”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:34
Nº Rexistro: 35148
Data envío: 28/08/2018 10:34:30.771

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:34:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14261**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche da oficina de Correos en Viana do Bolo”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:34
Nº Rexistro: 35147
Data envío: 28/08/2018 10:34:23.177

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:34:18



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 18170**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da integracións dos equipos psicosociais dos xulgados de menores no Instituto de Medicina Legal de Galicia”**, (publicada no BOPG número 191 do 11 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os equipos técnicos de menores, dependentes funcionalmente da Fiscalía e dos xulgados de menores, interveñen no ámbito do proceso xudicial de responsabilidade penal dos menores infractores, ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, consistindo a súa actuación en propoñer ao fiscal e ao xuíz as medidas de natureza sancionadora-educativa máis adecuadas para o caso de que a sentenza xudicial determine a responsabilidade do menor infractor (artigos 7 e 27 da dita Lei).

Por outra parte, os equipos psicosociais están integrados no Imelga mesmo antes de que se recollera dita posibilidade na Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), como pode comprobarse acudindo á RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De feito, xa no Decreto 119/2005, de 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia -isto é, moito antes da reforma da LOPX-, na disposición transitoria segunda sobre integración do persoal sinalase que “os psicólogos, persoal laboral con centro de destino nos xulgados de primeira instancia, familia e primeira instancia e instrución, quedarán integrados no Instituto de Medicina Legal, no ámbito da súa respectiva subdirección.

Dende o ano 2009 foron numerosas as reunións de coordinación entre os profesionais que traballan no ámbito de reforma que se levaron a cabo ao abeiro do establecido na LORPM, tendo en conta o elevado número de actores implicados na execución das medidas.

No ámbito autonómico a Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantivo reunións coas Xefaturas territoriais competentes así como coa dirección dos centros e os responsables dos centros de intervención en medio aberto onde se leva a cabo a execución das medidas non privativas de liberdade co fin de establecer mecanismos de coordinación de cara á execución das medidas en toda a Comunidade.

Así mesmo, véñense celebrando reunións de coordinación cos xuíces e fiscalías de menores co fin de poñer en común aqueles aspectos e dificultades que presenta a aplicación práctica da LORPM así como do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Dende as xefaturas territoriais lévanse a cabo así mesmo reunións cos responsables da execución de medio aberto e os centros así como cos xuíces e fiscais de menores provinciais de cara a establecer unha eficaz coordinación entre todos os profesionais que interveñen no ámbito de reforma en cada provincia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35187
Data envío: 28/08/2018 11:37:10.859

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 11:37:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 19260**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da suficiencia de cinco persoas funcionarias na Dirección Xeral de Xustiza para garantir unha boa prestación do servizo”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Xustiza contaba con 37 postos de traballo na súa RPT, segundo figura na Resolución do 31 de decembro de 2008, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2008 polo que se aproba a Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 8 do 13 de xaneiro de 2009), no período coincidente co goberno bipartito. Deste total, 13 postos correspondían á escala informática, ao atoparse as competencias en materia de novas tecnoloxías da Administración de xustiza na Dirección Xeral. A día de hoxe, ditas competencias corresponden á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Polo tanto, descontando as prazas da escala de informática, a Dirección Xeral de Xustiza estaría dotada de 24 funcionarios e funcionarias naqueles anos.

Pola contra, na actualidade a relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 16 do 24 de xaneiro de 2014) contempla 27 postos de traballo na RPT da Dirección Xeral de Xustiza. Polo tanto, non se pode falar de redución -nin moito menos cualificala de drástica-, en tanto a realidade é que se produciu un incremento obxectivo do 15% do persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 35246
Data envío: 29/08/2018 10:52:31.449

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:52:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 20234**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal dos edificios xudiciais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

1. Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.
2. Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.
3. Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.
4. Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.
5. Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece

expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que contén cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35244
Data envío: 29/08/2018 10:51:58.276

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f4ff31c7-3f84-6b17-c877-86c2a802d658

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35244
Data envío: 29/08/2018 10:51:58.276

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:51:54



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21110**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de considerar a protección e atención ás vítimas da violencia machista nas dependencias xudiciais, como unha cuestión prioritaria na Xustiza”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A atención e apoio ás vítimas de violencia de xénero e ás vítimas necesitadas de especial protección nas actuacións xudiciais é unha prioridade da Xunta de Galicia.

No caso de Pontevedra, o novo edificio xudicial da Parda permitirá mellorar a sala de espera da que dispoñen as vítimas. A finalización das obras implicará unha redistribución de espazos en todo o complexo e proporcionará máis superficie e comodidade.

Pero mentres ese edificio non está rematado, a Xunta de Galicia ten adoptado medidas para mellorar as instalacións actuais, xa que foron construídas a principios dos anos 90 do século pasado e non contaban con espazos deste tipo.

Así, agora mesmo, no edificio actual hai habilitados dous espazos para que as vítimas poidan esperar na sede xudicial. Na planta baixa hai un espazo, ao carón das salas de vistas, que se emprega como sala de espera. Ademais, hai outro espazo máis no segundo andar que tamén pode ser utilizado como sala de espera das vítimas e que acaba de ser acondicionado co obxectivo de que resulte máis cómodo e acolledor para os usuarios e usuarias. Así, instaláronse vinilos nas ventás que permiten garantir a intimidade das vítimas, así como mobiliario axeitado.

O apoio ás vítimas é unha das prioridades da Xunta de Galicia, tanto para ofrecerlles todas as facilidades posibles como para apoialas durante o proceso xudicial. De feito, púxose en marcha un programa piloto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para dotar de persoal psicólogo ás

oficinas de atención ás vítimas das sete cidades, incluída Pontevedra. O éxito deste programa levou á Xunta de Galicia a consolidalo mediante sete prazas deste persoal que ofertarán este servizo de forma estable.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:22
Nº Rexistro: 34905
Data envío: 27/08/2018 10:22:19.820

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:22:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 12:51
Nº Rexistro: 35204
Data envío: 28/08/2018 12:51:20.150

Data 28/08/2018 12:51

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14044**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os recursos presupostados para a Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A cantidade consignada nos orzamentos de 2017 para a Administración de xustiza é a adecuada para atender aos requirimentos e planificación en Galicia, conforme ás competencias que exerce a nosa Comunidade Autónoma nesta materia. Dito orzamento creceu en máis dun 5%, tendo en conta o programa 131A da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección Xeral de Xustiza -ambos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-, así como o programa 571A, sobre fomento da sociedade da información e do coñecemento, xestionado pola AMTEGA.

En canto ás taxas xudiciais, hai que recordar que se trataba dun tributo estatal recadado pola AEAT.

No que se refire ás achegas estatais, cabe precisar que nos exercicios 2015, 2016 e 2017 introduciuse unha partida de 6 millóns de euros no orzamento xeral do Estado, previa aprobación pola Conferencia Sectorial, destinada á elaboración de programas de reforma da Administración de xustiza (impulsar as novas tecnoloxías, mellorar a dotación de medios materiais necesarios para o mantemento da organización xudicial e outras melloras que

incidan nun servizo público de mellor calidade). Pero é preciso deixar claro que esta é unha partida estatal desligada da efectiva recadación por taxas.

Froito desta iniciativa, e previo convenio, fóronlle asignadas a Galicia as cantidades de 346.863€ en 2015, 427.611€ en 2016, e 439.135€ no 2017. Estas cantidades foron consideradas insuficientes polo que, xa na Conferencia Sectorial celebrada o 7 de outubro de 2015, a Xunta demandou que a consignación se incrementara.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais

e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 12:51
Nº Rexistro: 35204
Data envío: 28/08/2018 12:51:20.150

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 12:51:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 12:50
Nº Rexistro: 35202
Data envío: 28/08/2018 12:50:52.290

Data 28/08/2018 12:50

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14102**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas levadas a cabo polo Goberno galego en materia de responsabilidade penal dos menores”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os equipos técnicos de menores, dependentes funcionalmente da Fiscalía e dos xulgados de menores, interveñen no ámbito do proceso xudicial de responsabilidade penal dos menores infractores, ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, consistindo a súa actuación en propoñer ao fiscal e ao xuíz as medidas de natureza sancionadora-educativa máis adecuadas para o caso de que a sentenza xudicial determine a responsabilidade do menor infractor (artigos 7 e 27 da dita Lei).

Por outra parte, os equipos psicosociais están integrados no Imelga mesmo antes de que se recollera dita posibilidade na Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), como pode comprobarse acudindo á RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De feito, xa no Decreto 119/2005, de 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia -isto é, moito antes da reforma da LOPX-, na disposición transitoria segunda sobre integración do persoal sinalase que ‘os psicólogos, persoal laboral con centro de destino nos xulgados de primeira instancia, familia e primeira instancia e instrución, quedarán integrados no Instituto de Medicina Legal, no ámbito da súa respectiva subdirección’.

A convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo ,como todas as medidas da LORPM, non responde a unha reivindicación social. Se trata dunha medida imposta polo xulgado de menores competente nunha sentenza, atendendo á solicitude formulada polo Ministerio Fiscal, valoradas as circunstancias do menor e os feitos obxecto de axuízamento.


O artigo 19 do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, establece regras específicas para a execución da medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, sinalando que será a entidade pública quen seleccione a persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo para a execución da medida.

A medida de convivencia se ven executando por parte da entidade pública en centros de protección. Se trata de grupos educativos estables que veñen traballando cos menores, cumprindo a función da familia no que respecta ao desenvolvemento de pautas socio afectivas prosociais nos menores. Polo tanto, constitúen a criterio da Entidade Pública un recurso educativo alternativo a súa familia que dá resposta ás necesidades das persoas menores orientándoas no seu proceso de socialización. Proporcionan ás persoas menores un entorno socio educativo no que desenvolver actitudes e habilidades que faciliten o seu proceso de socialización, nun contexto educativo no que cobra especial importancia a convivencia co grupo.

Sen prexuízo de contar co recurso dos centros de protección para a execución da medida de convivencia na súa vertente de grupo educativo a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica consciente da necesidade de dar maior contido á medida, deseñou un programa que permite levar a cabo a execución desta medida contando con persoas individuais ou familias que colaboren nela, proporcionando á persoa menor un entorno diferente ao propio, no que desenvolva as súas vivencias básicas e educativas.

O programa vai dirixido á captación , valoración, formación e seguimento de persoas e familias que estean dispostas a colaborar na execución da medida na súa vertente de convivencia con outra persoa ou familia.

No ano 2017 se desenvolveu o programa na provincia da Coruña permitindo incorporar ao programa un grupo de persoas ou familias interesadas en colaborar na execución desta medida. Dende o mes de abril este programa tamén se desenvolve na provincia de



Pontevedra co fin de contar nesa provincia con persoas ou familias que colaboren acollendo a menores que teñen que cumprir a dita medida.

Dende o ano 2009 foron numerosas as reunións de coordinación entre os profesionais que traballan no ámbito de reforma que se levaron a cabo ao abeiro do establecido na LORPM, tendo en conta o elevado número de actores implicados na execución das medidas.

No ámbito autonómico a Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantivo reunións coas Xefaturas territoriais competentes así como coa dirección dos centros e os responsables dos centros de intervención en medio aberto onde se leva a cabo a execución das medidas non privativas de liberdade co fin de establecer mecanismos de coordinación de cara á execución das medidas en toda a Comunidade.

Así mesmo, véñense celebrando reunións de coordinación cos xuíces e fiscalías de menores co fin de poñer en común aqueles aspectos e dificultades que presenta a aplicación práctica da LORPM así como do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Dende as xefaturas territoriais lévanse a cabo así mesmo reunións cos responsables da execución de medio aberto e os centros así como cos xuíces e fiscais de menores provinciais de cara a establecer unha eficaz coordinación entre todos os profesionais que interveñen no ámbito de reforma en cada provincia.

De acordo co establecido no artigo 19 da LORPM o Ministerio Fiscal pode desistir da continuación do expediente atendendo á gravidade e circunstancias dos feitos e do menor infractor, de xeito particular á falta de violencia ou intimidación grave na comisión dos feitos e á circunstancia de que o menor se concilie coa vítima ou asuma o compromiso de reparar o dano causado ou se comprometa a cumprir a actividade educativa proposta polo equipo técnico.

As funcións de mediación lévanse a cabo polos Equipos Técnicos dos Xulgados de Menores. A Consellería de Política Social colabora en moitos casos nas reparacións, no caso de que o menor asuma o compromiso de levar a cabo accións en beneficio da vítima ou da comunidade, poñendo a disposición do menor infractor os recursos necesarios para que leve a cabo a actividade reparadora e supervisando que efectivamente se levou a cabo.

A colaboración na reparación se leva a cabo en cada provincia polas entidades colaboradoras no marco do convenio asinado con esta consellería para a execución das medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na LORPM cuxo orzamento ascendeu no ano 2017 a 470.805,72 € na provincia da Coruña , 263.921,04€ na provincia de Lugo; 255.714,28€ na provincia de Ourense e 331.166,07 € na provincia de Pontevedra.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 12:50
Nº Rexistro: 35202
Data envío: 28/08/2018 12:50:52.290

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 12:50:49



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14262**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as repercusións que tería o peche das oficinas de Correos en concellos do rural da provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 167 do 1 de setembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A presente pregunta parlamentaria refírese á actividade que está a levar a cabo unha empresa pública, cuxa propiedade corresponde integramente ao Estado, a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) e, por tanto, enmárcase no desenvolvemento lexítimo das funcións e competencias que corresponden a esa Administración.

O Goberno galego permanece atento á calidade do servizo prestado por esta empresa na Comunidade Autónoma e velará pola súa continuidade. Como no resto das materias da súa competencia, a Xunta efectuará as xestións precisas de ser o caso para que se manteña un nivel homoxéneo de acceso por parte da cidadanía aos servizos no seu territorio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:34
Nº Rexistro: 35146
Data envío: 28/08/2018 10:34:14.240

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:34:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 18171**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á integración dos equipos psicosociais dos xulgados de menores no Instituto de Medicina Legal de Galicia, así como o número de reunións de coordinación en materia de menores levadas a cabo entre os anos 2009 e 2017, ao abeiro da Lei 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores”**, (publicada no BOPG número 192 do 13 de outubro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os equipos técnicos de menores, dependentes funcionalmente da Fiscalía e dos xulgados de menores, interveñen no ámbito do proceso xudicial de responsabilidade penal dos menores infractores, ao abeiro da Lei orgánica 5/2000, de 12 de xaneiro, consistindo a súa actuación en propoñer ao fiscal e ao xuíz as medidas de natureza sancionadora-educativa máis adecuadas para o caso de que a sentenza xudicial determine a responsabilidade do menor infractor (artigos 7 e 27 da dita Lei).

Por outra parte, os equipos psicosociais están integrados no Imelga mesmo antes de que se recollera dita posibilidade na Lei Orgánica do Poder Xudicial (LOPX), como pode comprobarse acudindo á RPT da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

De feito, xa no Decreto 119/2005, de 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia -isto é, moito antes da reforma da LOPX-, na disposición transitoria segunda sobre integración do persoal sinalase que “os psicólogos, persoal laboral con centro de destino nos xulgados de primeira instancia, familia e primeira instancia e instrución, quedarán integrados no Instituto de Medicina Legal, no ámbito da súa respectiva subdirección.

Dende o ano 2009 foron numerosas as reunións de coordinación entre os profesionais que traballan no ámbito de reforma que se levaron a cabo ao abeiro do establecido na LORPM, tendo en conta o elevado número de actores implicados na execución das medidas.

No ámbito autonómico a Dirección xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantivo reunións coas Xefaturas territoriais competentes así como coa dirección dos centros e os responsables dos centros de intervención en medio aberto onde se leva a cabo a execución das medidas non privativas de liberdade co fin de establecer mecanismos de coordinación de cara á execución das medidas en toda a Comunidade.

Así mesmo, véñense celebrando reunións de coordinación cos xuíces e fiscalías de menores co fin de poñer en común aqueles aspectos e dificultades que presenta a aplicación práctica da LORPM así como do Real Decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Dende as xefaturas territoriais lévanse a cabo así mesmo reunións cos responsables da execución de medio aberto e os centros así como cos xuíces e fiscais de menores provinciais de cara a establecer unha eficaz coordinación entre todos os profesionais que interveñen no ámbito de reforma en cada provincia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 11:37
Nº Rexistro: 35186
Data envío: 28/08/2018 11:37:03.852

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 11:37:00



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 35245
Data envío: 29/08/2018 10:52:23.761

Data 29/08/2018 10:52

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19268**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia respecto da suficiencia de cinco persoas funcionarias na Dirección Xeral de Xustiza para garantir unha boa prestación do servizo, as razóns da redución dese persoal nese departamento e as súas previsións respecto do seu incremento”**, (publicada no BOPG número 204 do 2 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Xustiza contaba con 37 postos de traballo na súa RPT, segundo figura na Resolución do 31 de decembro de 2008, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de decembro de 2008 polo que se aproba a Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 8 do 13 de xaneiro de 2009), no período coincidente co goberno bipartito. Deste total, 13 postos correspondían á escala informática, ao atoparse as competencias en materia de novas tecnoloxías da Administración de xustiza na Dirección Xeral. A día de hoxe, ditas competencias corresponden á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Polo tanto, descontando as prazas da escala de informática, a Dirección Xeral de Xustiza estaría dotada de 24 funcionarios e funcionarias naqueles anos.

Pola contra, na actualidade a relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG nº 16 do 24 de

xaneiro de 2014) contempla 27 postos de traballo na RPT da Dirección Xeral de Xustiza. Polo tanto, non se pode falar de redución -nin moito menos cualificala de drástica-, en tanto a realidade é que se produciu un incremento obxectivo do 15% do persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:52
Nº Rexistro: 35245
Data envío: 29/08/2018 10:52:23.761

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:52:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20235**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal dos órganos xudiciais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

1. Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.
2. Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.
3. Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.
4. Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.
5. Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece

expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que contén cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35243
Data envío: 29/08/2018 10:51:50.386

[Firma manuscrita]

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 43dc0674-6ba7-da48-5731-e72e80333c88

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 10:51
Nº Rexistro: 35243
Data envío: 29/08/2018 10:51:50.386

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 10:51:47



RS/mm

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 21111**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de considerar a protección e atención ás vítimas da violencia machista nas dependencias xudiciais, como unha cuestión prioritaria na Xustiza e o cumprimento das condicións mínimas de intimidade e benestar para estas vítimas na sala de espera do Xulgado de Instrución número 3 de Pontevedra, así como as súas previsións respecto do acondicionamento dunha nova sala, mentres non entre en servizo o novo edificio xudicial”**, (publicada no BOPG número 226 do 14 de decembro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A atención e apoio ás vítimas de violencia de xénero e ás vítimas necesitadas de especial protección nas actuacións xudiciais é unha prioridade da Xunta de Galicia.

No caso de Pontevedra, o novo edificio xudicial da Parda permitirá mellorar a sala de espera da que dispoñen as vítimas. A finalización das obras implicará unha redistribución de espazos en todo o complexo e proporcionará máis superficie e comodidade.

Pero mentres ese edificio non está rematado, a Xunta de Galicia ten adoptado medidas para mellorar as instalacións actuais, xa que foron construídas a principios dos anos 90 do século pasado e non contaban con espazos deste tipo.

Así, agora mesmo, no edificio actual hai habilitados dous espazos para que as vítimas poidan esperar na sede xudicial. Na planta baixa hai un espazo, ao carón das salas de vistas, que se emprega como sala de espera. Ademais, hai outro espazo máis no segundo andar que tamén pode ser utilizado como sala de espera das vítimas e que acaba de ser acondicionado co obxectivo de que resulte máis cómodo e acoledor para os usuarios e usuarias. Así, instaláronse vinilos nas ventás que permiten garantir a intimidade das vítimas, así como mobiliario axeitado.

O apoio ás vítimas é unha das prioridades da Xunta de Galicia, tanto para ofrecerlles todas as facilidades posibles como para apoialas durante o proceso xudicial. De feito, púxose en marcha un programa piloto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para dotar de persoal psicólogo ás oficinas de atención ás vítimas das sete cidades, incluída Pontevedra. O éxito deste programa levou á Xunta de Galicia a consolidalo mediante sete prazas deste persoal que ofertarán este servizo de forma estable.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:22
Nº Rexistro: 34904
Data envío: 27/08/2018 10:22:11.960

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:22:08



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 34894
Data envío: 27/08/2018 10:20:51.021

Data 27/08/2018 10:20

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22408**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o lugar onde se ten previsto situar o servizo de Unidade de Primeira Acolida para a provincia de Pontevedra e destinado ao tratamento de problemas conductuais dos menores tutelados pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O servizo de Unidade de Primeira Acolida na provincia de Pontevedra se desenvolve dende marzo de 2018 nas instalacións de Aldeas Infantiles en Redondela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:20
Nº Rexistro: 34894
Data envío: 27/08/2018 10:20:51.021

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:20:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 22689**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en materia de coordinación de policía locais de Galicia para paliar o seu actual déficit de efectivos”**, (publicada no BOPG número 243 do 19 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O número de prazas previstas, creadas na Relación de Postos de Traballo ou cadro de persoal, que poidan corresponder aos corpos de Policía local de cada concello, é unha competencia exclusiva da administración local. Así o recolle a Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais no seu artigo 29.1, onde establece: ‘Correspóndelle a cada concello aprobar o cadro de persoal do respectivo Corpo de Policía local, no cal se integrarán todos os postos de traballo correspondentes a cada escala e categorías previstas nesta lei coa determinación dos niveis respectivos.’

Deste xeito, a Lei 4/2007 do que se ocupa é de establecer un marco xeral común para as policía locais, tal e como se prevé nos seus artigos 12 e 13, así como tamén establece uns criterios común a cuestións de persoal (artigos 28, 29, 30 ou 31).

Para rematar, cómpre sinalar, no que se refire ao Decreto 115/2017, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, que este se limita ao obxecto para o que se promulgou, tendo en conta que, tal e como se indicou anteriormente, a Xunta de Galicia non ten capacidade para crear, ampliar ou paliar o número de prazas dos concellos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 34885
Data envío: 27/08/2018 10:19:41.004

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:19:37



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23342**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as actuacións levadas a cabo e a decisión que vai adoptar a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coa solicitude do Concello de Betanzos referida á declaración do Parque do Pasatempo como ben de interese cultural, así como as súas intencións respecto da colaboración co Concello e a Deputación provincial da Coruña na súa rehabilitación”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta, dentro das súas competencias e ao abeiro da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, apoia tecnicamente ao propietario do Parque do Pasatempo o Concello de Betanzos para a rehabilitación do mesmo.

Lembrar que o pasado 19 de marzo o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución da Consellería de Cultura, Educación e OU pola que se incoaba o expediente para declarar ben de interese cultural (BIC), coa categoría de xardín histórico, ao Parque do Pasatempo de Betanzos, tamén coñecido como O Pasatempo, Parque Enciclopédico, Xardíns do Pasatempo ou a Horta de Don Xoán. Cómpre resaltar que, co obxectivo de garantir a súa protección e conservación futura, a Xunta está tramitando o expediente, de conformidade co procedemento e cos prazos legais.

Ademais, o pasado mes de maio, Cultura comprometeuse co Concello de Betanzos a prestar apoio técnico e procurar fondos para a rehabilitación do Parque do Pasatempo. Segundo o abordado, as dúas administracións avaliarán de forma conxunta as necesidades e, a partir de aí, buscarán liñas de financiamento, como poden ser os fondos vinculados co 1,5% Cultural”.

Trátase dun ben moi singular, case que único non só en Galicia senón mesmo en Europa. O Pasatempo é un exemplo representativo da tradición filantrópica galega e, concretamente, da que desenvolveron os indianos ao seu regreso de América a finais do século XIX e principios do XX.

O expediente propón como ámbito BIC unha extensión de 10.184 m2, incluíndo os dous únicos elementos da parte baixa do parque que se conservan no seu lugar orixinal, nomeadamente a estatua da Caridade e a fonte das Catro Estacións. En concreto a delimitación axústase á parcela física na que se asenta a parte alta do parque, en base á cartografía máis detallada posible, que foi facilitada polo Concello de Betanzos

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:19
Nº Rexistro: 34880
Data envío: 27/08/2018 10:19:02.675

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:18:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 34877

Data envío: 27/08/2018 10:18:39.409

Data 27/08/2018 10:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa concesión das axudas para fillas e fillos menores de 3 anos convocadas na Orde do 24 de marzo de 2017, os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas e as razóns das demoras denunciadas na súa concesión, así como os medios humanos, materiais e orzamentarios que vai implementar para súa axilización”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os recursos mobilizados no 2017 foron de 3.350.760€. No 2018 a orde ten un crédito inicial de 3.000.000€, susceptible de ser ampliado en función do número de familias que cumpran os requisitos, garantindo que todas as familias accedan á axuda.

No ano 2017 resultaron favorables 3.102.

Na actualidade todas as solicitudes están atendidas e, no seu caso, pagadas. A Xunta de Galicia está traballando na continua mellora da tramitación, para acortar, aínda máis, os prazos entre solicitude e pago da axuda”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 34877
Data envío: 27/08/2018 10:18:39.409

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:18:36



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 34874
Data envío: 27/08/2018 10:18:16.925

Data 27/08/2018 10:18

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23410**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as razóns da demora da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na tramitación do expediente para a declaración do edificio denominado A Terraza de Sada, como ben de interese cultural, as actuacións levadas a cabo e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 247 do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou o pasado 16 de abril de 2018, no Diario Oficial de Galicia, a resolución pola que se incoa o expediente para declarar ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento, a Terraza de Sada (A Coruña). A partir deste momento, aplícase de forma inmediata e provisional o réxime de protección que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia para os bens de interese cultural e para os monumentos en particular, o máximo existente. Asemade, o procedemento seguirá segundo o previsto na lei.

A resolución pode consultarse no enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180416/AnuncioG0164-060418-0002_gl.html

Considérase que A Terraza é un testemuño único e singular dos pavillóns ou quioscos modernistas típicos dos anos 20. Comezouse a construír en 1912 no recheo do Paseo de Méndez Núñez, na Coruña, sobre un deseño probablemente do arquitecto Antonio López Hernández. Foi trasladado á praia urbana de Sada entre os anos 1919 e 1920”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:18
Nº Rexistro: 34874
Data envío: 27/08/2018 10:18:16.925

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:18:13



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 23570**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“os motivos polos que permanece pechada a estación de autobuses de Celanova e as previsións respecto da súa posta en marcha”**, (publicada no BOPG número 247, do 25 de xaneiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os terreos e as instalacións da estación de autobuses de Celanova foron revertidos ao Concello mediante a sinatura da correspondente acta o 22 de setembro de 2011. Desde ese momento o inmovible pertence ao Concello de Celanova, que será quen determine o uso que lle dará a estas instalacións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:17
Nº Rexistro: 34867
Data envío: 27/08/2018 10:17:03.486

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:16:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 23977**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a charla en materia de prevención da violencia machista no ámbito vecinal organizada en Mondoñedo que inclúe unha visita a un centro comercial e un xantar”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 20 de xaneiro de 2018 a Xunta organizou na sede da Delegación Territorial da Xunta en Lugo a presentación da campaña de prevención da violencia de xénero no ámbito veciñal, na que tamén se presentou a curtametraxe ‘Miña’, que narra unha historia de violencia de xénero. No acto participaron unhas 300 persoas, convocadas a través da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo.

Esta campaña de prevención e loita contra a violencia de xénero comezou en 2017 a raíz da sinatura dun acordo de colaboración asinado entre a Xunta, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA), e a Asociación Española de Auditores Socio-Laborais (CEAL). O seu obxectivo é apoiar a prevención e detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades de propietarios e propietarias nas que estea presente persoal administrador de fincas. No marco desta iniciativa, a Secretaría Xeral da Igualdade distribuíu 30.000 trípticos e carteis con material informativo e de sensibilización.

A Xunta non tiña coñecemento previo do anuncio ao que se fai referencia na iniciativa e, en consecuencia, non autorizou a inclusión do seu logo no mesmo. Ademais, cómpre aclarar que a Administración autonómica tampouco financiou ningunha das actividades referidas no dito anuncio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 19a83861-c760-cdc1-16c3-cfdd125a3a57

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:36
Nº Rexistro: 35278
Data envío: 29/08/2018 12:36:44.334

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 12:36:41



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24042**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas mobilizacións anunciadas para o ano 2018 polas organizacións sindicais representantes do persoal da Administración de xustiza”**, (publicada no BOPG número 252 do 2 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

- Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.
- Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.
- Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.
- Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.
- Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece

expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que contén cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34861
Data envío: 27/08/2018 10:16:13.250

galicia

de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: a3b8ee84-e405-1a52-2105-1f398ed358a5

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:16
Nº Rexistro: 34861
Data envío: 27/08/2018 10:16:13.250

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:16:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 27/08/2018 10:15:36.640

Data 27/08/2018 10:15

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24272**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do número de puntos de encontro familiar existentes en Galicia, así como as súas previsións respecto do seu incremento e reforzo da súa actual dotación de medios humanos e materiais no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón na actualidade dunha ampla rede de puntos de encontro familiar situados nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo) que permiten garantir a existencia dun lugar adecuado que facilite as relacións materno/paterno-filial, e aseguren o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situación de conflito.

No ano 2017, atendéronse nos puntos de encontro familiar máis de 700 casos, realizando máis de 3.500 visitas tuteladas e preto de 5000 visitas supervisadas.

O obxectivo da Xunta de Galicia é ofrecer un servizo de calidade, suficiente, estable e cunha infraestrutura adecuada e neste senso, sempre esta disposta, en función das necesidades, a valorar a conveniencia da creación de novos puntos de encontro naquelas áreas nas que se precisen.

Así mesmo, os equipos de traballo dos puntos de encontro foron reforzándose e adaptándose ao número de casos atendidos en cada un deles, concretamente con reforzos en Vigo e Santiago, de xeito que o gasto nestes centros pasou de 497.046,30 € no 2009 a 695.322,75 € no 2017.

No ano 2017, destináronse para o mantemento da Rede de puntos de encontro un total de 695.322,75 euros.

No ano 2018 o orzamento previsto ascende á cantidade de 739.443,63 euros o que supón un incremento respecto do ano 2017 do 6,35.%”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:15
Nº Rexistro: 34857
Data envío: 27/08/2018 10:15:36.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:15:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 34851

Data envío: 27/08/2018 10:14:46.467

Data 27/08/2018 10:14

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24679**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non ampliar, ata a contratación directa dos sete profesionais anunciados, o convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a asistencia psicolóxica ás mulleres en situación de violencia machista nos xulgados galegos, o prazo previsto para a súa contratación e ofrecemento dalgunha alternativa namentres”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracóns Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas ditas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

A maiores destas Oficinas de atención radicadas nas 7 grandes cidades galega, as vítimas teñen tamén á súa disposición o apoio que se impulsa e coordina desde a Secretaría Xeral de Igualdade. En concreto, coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día e dispón do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun

programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 34851
Data envío: 27/08/2018 10:14:46.467

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:14:43



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24760**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista, así como as actuacións que vai levar a cabo en relación coa atención que se presta nos xulgados e en todos os sectores da xustiza ás mulleres vítimas desa lacra”**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a unha destas preguntas xa foron tratados polo Goberno na sesión plenaria do 7 de marzo de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 24758, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O Goberno galego puxo en marcha o pasado ano o servizo de atención psicolóxica especializada ás vítimas do delito nas oficinas dependentes dos decanatos dos xulgados das sete grandes cidades galegas, no marco dun convenio asinado co Colexio Oficial de Psicología de Galicia; logo do remate do período contemplado no devandito convenio, e dada a importancia desta atención, a Xunta de Galicia consolidou a dita intervención psicolóxica pasando a ser prestado o servizo por persoal propio, de xeito que dende o pasado 1 de marzo comezaron as súas funcións 7 novas persoas psicólogas nas ditas oficinas para a prestación da atención psicolóxica ás vítimas.

Polo que atinxe á creación de novos órganos xudiciais, esta é unha competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención a criterios obxectivos e á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial.

Pola súa banda, a proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia.

En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades asignado que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

A Xunta, pola súa banda, vén establecendo medidas de apoio -prolongacións de xornada do persoal de auxilio- de acordo ás necesidades que se acordan no seo da Comisión Mixta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

No que respecta ás dependencias xudiciais, con carácter xeral os xulgados contan con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións. Na medida que a capacidade actual das infraestruturas o permiten, a Xunta de Galicia ten levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos (por exemplo, en todas as cidades galegas e nas vilas de Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín) para impedir que a vítima se atope co seu agresor. As medidas pasan por habilitar un espazo propio e diferenciado e, naqueles casos nos que actualmente esta solución non é posible, existen outras medidas de carácter organizativo que poden e deben adoptar as autoridades xudiciais para reforzar esta previsión á hora de acordar unha determinada dilixencia xudicial. Ademais, hai protocolos e usos de actuación das Forzas e Corpos de Seguridade, así como do propio persoal funcionario xudicial, para preservar a intimidade das vítimas en espazos diferenciados do edificio xudicial e así evitar a confrontación visual entre agresor e vítima.

Por último, a través da EGAP ofértase formación en materia de xénero para o funcionariado dependente da comunidade autónoma de Galicia. Ademais, aínda que non corresponde á Xunta a formación do persoal xuíz, fiscal e letrado da Administración de Xustiza, e co gallo de favorecer de forma concreta a formación continua dos xuíces e maxistrados destinados en Galicia, a Xunta establece anualmente un convenio de colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial. Neste marco, en 2018 está prevista a oferta de prazas para a formación en violencia de xénero, con atención aos seus aspectos procesuais de investigación e axuizamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:14
Nº Rexistro: 34849
Data envío: 27/08/2018 10:14:28.311

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:14:24



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 25190**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto do servizo ferroviario que se está a prestar entre Ribadavia e Ourense, as demandas realizadas ao Goberno central nos último oito anos para a súa mellora e, se é o caso, a resposta recibida”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia non é titular da competencia en materia de transporte ferroviario, senón que esta é de competencia estatal. Aínda así, desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Cómpre lembrar que en Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios, están declarados como obriga de servizo público. Entre eles, os que unen Vigo e Ourense, existindo unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían. Todo isto, orientado a satisfacer as necesidades de mobilidade dos cidadáns.

Hai que ter en conta, ademais, que o sistema ferroviario non sempre é o que proporciona unha oferta máis axeitada ás necesidades da poboación pola súa menor accesibilidade, polo que avogar polo aumento dos seus servizos non ten porque ser a solución máis sostible. Neste sentido, o transporte colectivo en autobús ten a capacidade de proporcionar unha malla que cubre unha área xeográfica máis ampla.

Por iso, de xeito complementario ao ofrecido polo ferrocarril, a Xunta a través do seu Plan de Transporte Público de Galicia e no marco das súas competencias, está a atender o servizo de transporte entre Ribadavia e Ourense con autobuses regulares, a un prezo menor que o do tren, e

con 4 frecuencias directas diarias por sentido, complementadas por outras 5 que van facendo paradas intermedias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:13
Nº Rexistro: 34843
Data envío: 27/08/2018 10:13:34.419

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:13:30



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34836

Data envío: 27/08/2018 10:12:32.168

Data 27/08/2018 10:12

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25391**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da publicación no Portal de transparencia e goberno aberto do informe referido ao grao de cumprimento pola Xunta de Galicia dos acordos adoptados polo Parlamento galego”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O informe ao que fai referencia o artigo 19 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno xa está dispoñible no Portal de Transparencia no apartado de ‘Relacións da Xunta co Parlamento de Galicia’”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:12
Nº Rexistro: 34836
Data envío: 27/08/2018 10:12:32.168

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:12:28



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25405**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do aumento dos custos de papel e de impresión dos xulgados de Galicia en case o 45%, dende que entrou en vigor o obxectivo denominado "papel cero" na Administración de Xustiza, a opinión do Goberno galego respecto do establecemento dun período de transición que permita o seu uso simultáneo ata o correcto funcionamento do sistema informático Lexnet, así como a constitución en Galicia de Comisións de seguimento do cumprimento dese obxectivo”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“A xeneralización das comunicacións electrónicas entre xulgados e profesionais produciuse no ano 2016, cando estivo vixente a obriga de empregar a dobre vía de presentación telemática en papel.

Esa foi a razón polo que ese ano se detectou un incremento dos gastos de papel e impresión, pero a evolución desta implantación e a súa extensión a outros colectivos seguiu avanzando, ata estar hoxe en día nun escenario de consolidación, con niveis de gasto e impresión similares aos do ano 2015. De feito, se se computan tan só os gastos de impresión, no 2017 foron inferiores aos de 2015. Polo tanto, trala consolidación da tramitación telemática, o custo en impresión, lonxe de aumentar, está a diminuír.

Por outra banda, a implantación do sistema de comunicacións electrónicas da man da Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei de axuízamento civil (que estableceu a obrigatoriedade para todos os profesionais da xustiza -avogados, procuradores, graduados sociais, letrados das administracións públicas, etc.- de comunicarse cos órganos e oficinas xudiciais cos sistemas telemáticos existentes na Administración de xustiza), requiriu nun primeiro momento dun importante esforzo de adaptación, de xeito que existiron períodos

transitorios de dobre vía (papel-telemático), como antes se mencionou, segundo se despregaba e consolidaba o sistema e se solucionaban determinadas cuestións.

Actualmente, estes períodos de simultaneidade xa non se consideran necesarios, pois a día de hoxe o canal de comunicación a través de LexNET está consolidado e xeneralizadas as comunicacións electrónicas e a presentación telemática de demandas e escritos por parte dos profesionais da Xustiza ante os xulgados. O pasado ano 2017 na nosa Comunidade Autónoma de Galicia alcanzáronse os 6 millóns de comunicacións electrónicas. Ademais, continúaase traballando para a súa extensión aos Centros penitenciarios, hospitais, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Finalmente, con relación ás comisións de seguimento, a Xunta de Galicia forma parte de distintos foros para coñecer en detalle a implantación das comunicacións telemáticas: así, a través da Amtega, forma parte do grupo de traballo de comunicacións telemáticas que coordina o avance do despregamento de LexNET no seo do Comité Estatal da Administración Xudicial Electrónica; e, por outra banda, a Xunta ten posto en marcha un grupo de 'administración electrónica' cos representantes do Poder Xudicial, da Fiscalía, Avogados e Procuradores, que manteñen reunións periódicas para avaliar a implantación das diversas ferramentas tecnolóxicas nos órganos xudiciais e fiscais de Galicia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:11
Nº Rexistro: 34833
Data envío: 27/08/2018 10:11:51.417

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:11:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25455**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto das necesidades existentes en materia de persoal no partido xudicial de Carballo, así como as súas previsións en relación coa asunción do compromiso de dotalo dos medios necesarios para garantir a loita eficaz contra a violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os cadros de persoal dos xulgados de Carballo atópanse cubertos na súa totalidade. Ademais, segundo a información estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) correspondente ao ano 2017, teñen unha carga de entrada de asuntos dentro do módulo establecido polo CXPX. Polo tanto, a dotación de persoal dos órganos en cuestión é acorde coas características dos mesmos.

En canto ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución N.º1 de Carballo, que ten atribuído por acordo do órgano de goberno do Poder Xudicial o coñecemento dos asuntos en materia de violencia de xénero, conta cun funcionario de reforzo, concretamente do Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa.

Por outra banda, hai que precisar que non existe unha asignación orgánica dos funcionarios dos xulgados a unha ou a outra materia (civil/penal), senón que lle corresponde aos directores da oficina xudicial, en cumprimento das funcións que lles atribúe o artigo 457 da Lei orgánica do poder xudicial, organizar o servizo distribuíndo as tarefas entre os diversos membros da oficina xudicial.

A dotación de persoal psicólogo radícase nas sete grandes cidades, de acordo coa organización territorial do Instituto de Medicina Legal de Galicia e a súa estrutura en 7 subdirección territoriais. No caso de Carballo corresponde ao ámbito de actuación da subdirección territorial da Coruña, desde onde se presta a atención psicolóxica aos partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Corcubión e Carballo.

Finalmente, a Comisión Mixta formada polo Tribunal Superior de Xustiza e a Xunta de Galicia é o marco no cal se analizan, entre outras, as necesidades en materia de persoal ao servizo da Administración de Xustiza dependente da comunidade autónoma, actuando a Xunta de Galicia conforme as decisións que alí se adopten”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:11
Nº Rexistro: 34830
Data envío: 27/08/2018 10:11:20.698

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:11:15



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26132**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“os datos referidos ás obras de reforma levadas a cabo polo Goberno galego no centro de menores de Montealegre, en Ourense, desde o seu peche no ano 2012, a data prevista para a súa reapertura e o perfil dos menores que vai atender, así como a posibilidade de garantía do carácter público dos servizos que vai prestar e da súa atención por empregados públicos”**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Montealegre, dependente da Consellería de Política Social na cidade de Ourense, era un centro xenérico destinado o acollemento residencial de menores baixo a tutela ou garda da Xunta de Galicia. Dito centro forma parte dun complexo do mesmo nome no que se inclúen ademais o Centro Montefiz e o Centro Monteledo, ambos os dous destinados ao cumprimento de medidas xudiciais impostas a menores en aplicación da Lei de responsabilidade penal do menor.

As instalacións do complexo datan do ano 1980 e presentaban, a pesar dos labores de mantemento que de xeito continuado se realizan por persoal propio e externo, importantes deficiencias e carencias postas de manifesto por diversos profesionais nos últimos anos. Por tal motivo, a Consellería realizou obras de certa magnitude (algunhas delas en todo o complexo) que afectaban ás redes e instalacións de subministro e saneamento, seguridade contra incendios, e acondicionamento do edificio, incompatibles co mantemento normal da actividade, que foron recepcionadas no mes de agosto de 2017, cunha inversión de 1,5 millóns de euros.

Nesta liña, ponse en funcionamento un centro específico e único na comunidade autónoma, no actual de Montealegre, para dar resposta ás necesidades de acollemento residencial que carácter terapéutico e de menores con trastorno de conducta que atenda e traballe as situacións derivadas de patoloxías de saúde mental.

Por todo o anterior e tendo en conta as necesidades actuais da rede de centros de protección, dende a Consellería de Política Social tomouse conciencia de necesidade de contar con outro centro específico e non de características xerais, é dicir, un centro que dea resposta ás necesidades daqueles menores que polas súas características non poden residir nunha casa de familia ou nun dos recursos de acollemento residencial que xa existen no sistema de protección, senón que requiren dun recurso máis específico que lles proporcione unha atención no eido terapéutico ou que axude no tratamento, intervención e mellora dos trastornos de conduta que presentan estes menores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:18
Nº Rexistro: 35364
Data envío: 30/08/2018 11:18:17.108

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 11:18:00



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 26206**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a privatización dos servizos de venda presencial de billetes de tren das estacións do Barco e da Rúa-Petín”**, (publicada no BOPG número 264, do 21 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse o 27 de abril e, segundo ten manifestado o ADIF, responden á necesidade de que o persoal de circulación se dedique exclusivamente a ditas funcións, xa que ate o agora viña realizando tamén funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

Desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo de venda de billetes nestas estacións ferroviarias e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños destes municipios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/08/2018 10:41
Nº Rexistro: 35162
Data envío: 28/08/2018 10:41:33.654

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/08/2018 10:41:27



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 26399**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento e a valoración Goberno galego respecto das intencións da Adif de privatizar a atención ao viaxeiro nas estacións de tren da Rúa-Petín e do Barco de Valdeorras, a súa posible incidencia na calidade do servizo e a realización dalgunha solicitude para o mantemento do seu carácter público”**, (publicada no BOPG número 269 do 1 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os contratos aos que se refire a iniciativa adxudicáronse o 27 de abril e, segundo ten manifestado o ADIF, responden á necesidade de que o persoal de circulación se dedique exclusivamente a ditas funcións, xa que até agora viña realizando tamén funcións de venda de billetes e atención aos usuarios.

Desde o Goberno galego manterase unha atención permanente sobre a prestación do servizo de venda de billetes nestas estacións ferroviarias e demandará, como veu facendo ata o de agora, que se garanta a calidade do servizo ferroviario aos usuarios e aos veciños destes municipios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35074
Data envío: 27/08/2018 11:03:56.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:52



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 27011**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir e mellorar o transporte colectivo de viaxeiros entre Chantada e Santiago de Compostela, nomeadamente os domingos, así como para adaptar o servizo ás necesidades das persoas usuarias”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, cumpriu cos obxectivos de non deixar Galicia nin un só día sen transporte, garantindo emprego e mellorando o servizo no rural.

Trátase dun plan vivo e, como tal, aberto á participación e colaboración por parte dos concellos e demais axentes implicados.

Nesta liña de traballo, foron diversos os contactos das Xefaturas Territoriais da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e os distintos concellos, dando como resultado xeral a introdución de modificacións dirixidas a unha mellor atención das necesidades de mobilidade dos veciños.

De xeito concreto, no caso de Chantada, a mobilidade deste ámbito territorial garántese coa existencia de ata 12 liñas diferentes. Esta oferta de servizos de transporte foi revisada no propio proceso de implantación dos novos servizos, recollendo as demandas das persoas usuarias, de asociacións e concellos, e introducíndose diversas adaptacións coa finalidade de acadar unha mellora no servizo público.

Así, engadíronse novas expedicións os venres e domingos entre Chantada e Santiago de Compostela, dirixidas fundamentalmente a mellorar a atención da demanda derivada de motivos de estudos.

Deste xeito, garantiuse o mantemento do servizo ao tempo que se teñen cuberto as principais demandas formuladas polos usuarios da zona. En todo caso, o seguimento da prestación do servizo realízase dun xeito constante e continuo.

Ao tempo, estanse a analizar as condicións de prestación e as demandas existentes nos traballos de campo no marco da segunda fase do Plan de Transporte Público de Galicia que está a desenvolver a Xunta, traballos de campo que inclúen encontros con todos os concellos e enquisas en centros sanitarios, educativos, estacións ou paradas, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:03
Nº Rexistro: 35069
Data envío: 27/08/2018 11:03:16.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:03:13



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 27073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de solicitarlle ao Goberno central a modificación da cualificación da liña ferroviaria atlántica de Galicia como de ‘Media Distancia’ e a súa substitución pola de ‘Proximidade’, as actuacións e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia, determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios (entre eles, o de Ferrol-A Coruña-Santiago-Vilagarcía-Pontevedra-Vigo), están declarados como obriga de servizo público.

Por iso, co fin de satisfacer as necesidades de mobilidade das persoas, existe unha compensación económica da Administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se eliminarían.

Os servizos de cercanías non están pensados para percorridos tan longos como os que se formulan na iniciativa, de arredor de 200 km de distancia. Os estándares de cercanías tampouco se adaptan ao esixido nunha liña como o Eixe Atlántico, cuns servizos que achegan as cidades e acurtan considerablemente os tempos de viaxe.

Cómpre lembrar que as tarifas do Eixe Atlántico se mantiveron invariables desde a súa entrada en funcionamento, pese ás evidentes melloras nos tempos de percorrido.

Aínda así, desde a Xunta considérase necesario seguir traballando para lograr a prestación dun servizo que cada vez estea máis adaptado ás necesidades e demandas dos usuarios que utilizan

esta liña e así o ten solicitado ao Goberno do Estado, que ten as competencias en materia ferroviaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35066
Data envío: 27/08/2018 11:02:54.007

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:50



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 27167**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para corrixir a discriminación que padece o interior de Galicia en materia ferroviaria, a súa opinión ao respecto e as medidas que está a aplicar para avaliar a calidade e utilidade para a veciñanza das liñas existentes”**, (publicada no BOPG número 272, do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Goberno galego mantense unha liña de atención permanente sobre o funcionamento do transporte ferroviario na Comunidade, competencia do Goberno do Estado, para que os servizos sexan máis acordes ao que os usuarios demandan e precisan.

Un dos principais obxectivos do Executivo autonómico, en relación coas infraestruturas do Estado en Galicia, é impulsar e garantir unha conexión ferroviaria de calidade para Lugo e así o ten trasladado en reiteradas ocasións ao Goberno do Estado.

Neste sentido, cómpre lembrar que o 7 de maio de 2018, o daquela ministro de Fomento presentou as actuacións de modernización nesta liña cun importante investimento e co obxectivo de lograr uns servizos ferroviarios competitivos e modernos, reducindo considerablemente o tempo de percorrido entre Lugo e Madrid.

Actuacións e planificación que a Xunta de Galicia seguirá co máximo interese.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:02
Nº Rexistro: 35063
Data envío: 27/08/2018 11:02:31.101

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:02:27



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35393

Data envío: 30/08/2018 11:53:40.102

Data 30/08/2018 11:53

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27681**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao sobre, **“o concurso convocado pola Consellería de Política Social para a contratación, por importe de 500.000 euros, IVE engadido, do desenvolvemento dunha campaña de difusión institucional das políticas sociais da Xunta de Galicia destinadas ás persoas maiores no ano 2018”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tan importante como adoptar as políticas máis axeitadas para conseguir un crecemento intelixente, sostible e integrador e vinculado a unha sociedade en proceso de envellecemento o é trasladar esas políticas á sociedade, tanto dun xeito activo como pasivo. Isto é, sensibilizar aos galegos e ás galegas da importancia da revitalización demográfica ao tempo que se pon á súa disposición toda a información relativa ao conxunto de medidas de apoio á natalidade e a familia (axudas, servizos e programas de conciliación), así como aquelas específicas para o colectivo de persoas maiores que constitúen, hoxe en día, un dos piares básicos da nosa sociedade.

Este é o obxectivo das campañas institucionais que está a promover a Consellería de Política Social: chegar a meirande número posible de público obxectivo ou de posibles beneficiarios co fin acadar a maior eficacia e eficiencia na utilización dos recursos públicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35393
Data envío: 30/08/2018 11:53:40.102

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 11:53:37



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27977**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas da cidadanía, expresadas nas rúas o día 8 de marzo de 2018 e as súas previsións respecto da solicitude ao Goberno central da comarcalización dos servizos que prestan o Instituto de Medicina Legal de Galicia (en especial as Unidades de Valoración Forense), as Oficinas de Atención ás Víctimas e a Policía Xudicial nos xulgados específicos de violencia contra a muller, así como a ampliación do seu número ás sete principais cidades de Galicia”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa manifestou en reiteradas ocasións o seu respecto ás manifestacións que tiveron lugar o pasado 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e defendeu que todos os actores -nos que se inclúe, por suposto, a Administración autonómica- debían tomar nota destas mobilizacións, en tanto a loita pola igualdade non é patrimonio exclusivo de ninguén.

Froito do seu compromiso coa igualdade plena entre homes e mulleres, nos últimos anos a Xunta ten posto en marcha un abano de iniciativas pioneiras en materia de igualdade, e o seu próximo obxectivo é seguir reforzando e ampliando esa liña de actuación.

Xa no que se refire de xeito exclusivo aos recursos da Administración de Xustiza en materia de violencia de xénero, cómpre recordar que ademais dos xulgados de Vigo e A Coruña -que coñecen exclusivamente casos de violencia machista-, existe un xulgado por cada partido xudicial que, xunto con outros, tamén atende estes asuntos.

Cómpre lembrar que a creación de novos órganos xudiciais é competencia do Goberno central. Neste marco, a determinación do número de unidades a crear nun concreto territorio, lévase a cabo en atención á cantidade de asuntos que teñen entrada nos órganos xudiciais en funcionamento, atendendo a uns módulos de carga de traballo aprobados polo Consello Xeral do Poder Xudicial. A proposta de creación de unidades que o Goberno galego traslada ao Ministerio de Xustiza establécese xunto coas autoridades xudiciais de Galicia na Comisión Mixta Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia-Xunta de Galicia. En consecuencia, a creación dun novo órgano xudicial é estudada no seo da Comisión Mixta e valorada en función da carga de traballo dos actuais xulgados e o número de unidades que Galicia poida propoñer para a súa posterior creación.

En canto á organización territorial do Imelga, esta estrutúrase nun total de 7 subdireccións territoriais: a da Coruña (cuxo ámbito de actuación comprende os partidos xudiciais da Coruña, Betanzos, Carballo e Corcubión); Ferrol (que comprende os partidos xudiciais de Ferrol e Ortigueira); Santiago de Compostela (para os partidos xudiciais de Arzúa, A Estrada, Lalín, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón, Ribeira e Santiago de Compostela); Lugo (con ámbito de actuación en toda a provincia); Ourense (tamén con ámbito provincial); Pontevedra (cuxo ámbito de actuación son os partidos xudiciais de Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Marín, Pontevedra e Vilagarcía de Arousa); e Vigo (que comprende os partidos xudiciais de Pontearreas, Redondela, O Porriño e Tui).

Pola súa banda, as Oficinas de asistencia ás vítimas, radicadas nas 7 grandes cidades galegas, prestan a asistencia integral e coordinada ás vítimas que acudan ás ditas oficinas nos termos recollidos na Lei 4/2015, independentemente do lugar de comisión do delito, incluída a atención psicolóxica desde 2017. Isto sen prexuízo dos demais recursos e servizos que desde a Secretaría Xeral de Igualdade existen para a atención ás vítimas de violencia de xénero. En concreto, este centro directivo coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día e dispón do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:01
Nº Rexistro: 35054
Data envío: 27/08/2018 11:01:02.677

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:58



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28014**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre, **“as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense, prescindir do persoal funcionario público que estaba a prestar servizo nese centro e non recupéralo una vez que se produza a súa reapertura, así como para non esixir a titulación de Educador ou Educadora social para a intervención no proceso socio-educativo cotiá”**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Montealegre, dependente da Consellería de Política Social na cidade de Ourense, era un centro xenérico destinado o acollemento residencial de menores baixo a tutela ou garda da Xunta de Galicia. Dito centro forma parte dun complexo do mesmo nome no que se inclúen ademais o Centro Montefiz e o Centro Monteledo, ambos os dous destinados ao cumprimento de medidas xudiciais impostas a menores en aplicación da Lei de responsabilidade penal do menor.

As instalacións do complexo datan do ano 1980 e presentaban, a pesar dos labores de mantemento que de xeito continuado se realizan por persoal propio e externo, importantes deficiencias e carencias postas de manifesto por diversos profesionais nos últimos anos. Por tal motivo, a Consellería realizou obras de certa magnitude (algunhas delas en todo o complexo) que afectaban ás redes e instalacións de subministro e saneamento, seguridade contra incendios, e acondicionamento do edificio, incompatibles co mantemento normal da actividade, que foron recepcionadas no mes de agosto de 2017, cunha inversión de 1,5 millóns de euros.

Nesta liña, ponse en funcionamento un centro específico e único na comunidade autónoma, no actual de Montealegre, para dar resposta ás necesidades de acollemento residencial que carácter terapéutico e de menores con trastorno de conducta que atenda e traballe as situacións derivadas de patoloxías de saúde mental.

Por todo o anterior e tendo en conta as necesidades actuais da rede de centros de protección, dende a Consellería de Política Social tomouse conciencia de necesidade de contar con outro centro específico e non de características xerais, é dicir, un centro que dea resposta ás necesidades daqueles menores que polas súas características non poden residir nunha casa de familia ou nun dos recursos de acollemento residencial que xa existen no sistema de protección, senón que requiren dun recurso máis específico que lles proporcione unha atención no eido terapéutico ou que axude no tratamento, intervención e mellora dos trastornos de conduta que presentan estes menores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 11:53
Nº Rexistro: 35392
Data envío: 30/08/2018 11:53:31.555

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/08/2018 11:53:28



AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28257**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a suficiencia e idoneidade da oferta de contidos destinados á infancia e á mocidade na TVG e na Radio Galega, as previsións da CRTVG referidas ao seu incremento na TVG e a valoración da posibilidade de aumentar os contidos interactivos da páxina web dedicada aos máis pequenos, así como as súas intencións respecto da realización de melloras na aplicación Xabarán TVG”**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG e AMTEGA, asinaron un convenio para levar a cabo accións conxuntas de innovación tecnolóxica dirixidas aos centros de ensino.

Segundo este convenio, a CRTVG e AMTEGA impulsarán a modernización e innovación tecnolóxica nos colexios de educación primaria e secundaria a través da creación dunha plataforma dixital para contidos interactivos. Con este fin desenvolverase a tecnoloxía necesaria para incorporar novidades como as segundas pantallas, creando contidos específicos baseados na realidade aumentada, realidade virtual para dispositivos móbiles, etc.

As dúas institucións públicas levarán a cabo tamén un segundo proxecto de análise de datos, que procese os comportamentos e necesidades da audiencia para a posterior creación de canles multimedia audiovisuais que satisfagan as súas demandas, a través da análise de Big Data.

Deste xeito, esta nova canle dixital, transmedia e interactiva permitiralles aos docentes e aos estudantes obter recursos audiovisuais baixo demanda, en función dos diferentes contidos das materias que se imparten na formación entre 6 e 16 anos. Os dispositivos móbiles serán empregados, fundamentalmente, como visualizadores avanzados de contidos multimedia,

que lles permitan aos estudantes e ao profesorado unha ampliación de información e de entretemento sobre os obxectos de estudo.

Este acordo, cofinanciado co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Feder Galicia 2014-20, terá unha vixencia de catro anos, prorrogables, en que as dúas institucións públicas, CRTVG e AMTEGA, desenvolverán tanto a plataforma tecnolóxica precisa para o seu funcionamento coma os contidos que se publiquen nela. O orzamento destinado será de 2.430.000 euros ata o 2020. A axencia pública autonómica achegará 1.780.000 de euros, cofinanciados nun 80% con Fondos Feder, e CRTVG aportará 650.000 euros ao acordo.

Esta acción encádrase na creación dun novo modelo televisivo, radiofónico e dixital, para achegar contidos formativos aos rapaces entre 6 e 16 anos, ás súas familias e aos docentes. O eixo central do proxecto é a ubicación de contidos formativos de calidade tamén en plataformas non usadas habitualmente na escola pero si polos mozos, como os dispositivos móbiles e a televisión.

Por outra parte, na Radio Galega lanzou no pasado mes de xuño “Radio Picariña”, unha nova canle dixital que pon á disposición dos oíntes máis cativos un milleiro de cancións infantís en lingua galega.

A Radio Galega abre así unha nova liña de emisión dixitais empezando pola xente miúda. Radio Picariña arrincou cunha oferta de 976 cancións en galego a escoller.

A nova emisora pretende a un tempo atender mellor o público infantil e xuvenil e innovar ofrecendo un servizo máis interactivo. Presentar novos produtos que encaixen nas novas fórmulas de consumo, onde os usuarios elixen, buscando o que queren; queremos camiñar nese sentido.

Pódese acceder desde o ordenador ou dispositivos móbiles e pretende ser un recurso especialmente útil no ámbito educativo.

Tamén, estase a realizar unha análise pormenorizada do modelo de oferta infantil e xuvenil en distintas televisións públicas europeas con linguas propias para valorar posibles melloras a medio prazo, tanto a nivel de estrutura como de contidos, na programación que actualmente estamos a ofrecer a este público na tvG2.



Para conectar co público máis xuvenil comezou a emisión diaria de series xuvenís en versión orixinal subtitulada no prime time da tvG2. A primeira experiencia estamos a tela coa serie portuguesa Morangos com Açúcar, que nos permitiu ademais un achegamento á aprendizaxe da lingua portuguesa en pantalla de televisión e en formatos dixitais. A seguinte posiblemente será unha serie americana que igual cá anterior tivo moito éxito entre o público mozo.

No que respecta á súa pregunta sobre a App Xabarán, a nosa aposta é renovar permanente os contidos, de feito estarán vinculados á programación televisiva e actualízanse diariamente xa que a chave neste aspecto é a dispoñibilidade dos dereitos de emisión en soporte dixital. De maneira que na mesma medida que se introduzan cambios na grella reflectíranse na App e na web da CRTVG. E unha das novidades que esperamos incorporar a medio prazo serían os contidos “live action” ou imaxe real para o público infantil e xuvenil que viría a complementar a variada oferta de contidos de animación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2018 12:35
Nº Rexistro: 35271
Data envío: 29/08/2018 12:35:34.911

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/08/2018 12:35:13



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral escrita **número 28363**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 7 de febreiro de 2018 referido ás necesidades existentes e ás melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña”**, (publicada no BOPG número 285, do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Como xa explicou o director xeral de Mobilidade no marco da Comisión 2ª celebrada o pasado 22 de marzo de 2018, en resposta a unha iniciativa de similar contido e formulada por este mesmo grupo parlamentario (iniciativa número 26283), a Xunta de Galicia aposta por continuar a mellorar os servizos de transporte ferroviario no corredor Ourense-Santiago e a súa maior adaptación ás necesidades dos usuarios.

O Goberno galego segue con atención os servizos ferroviarios que se prestan en Galicia e vén demandando ante o Ministerio de Fomento, que é quen ten as competencias en materia ferroviaria, e ante a operadora Renfe, que continúen a traballar na súa mellora; e así o seguirá a demandar tamén ante o novo Goberno do Estado. Melloras referidas, entre outros aspectos, á adecuación das frecuencias e adecuación aos horarios demandados polos usuarios recorrentes; posibles transbordos con outras liñas; reforzo de servizos en épocas do ano con demandas especiais; flexibilización das condicións de uso dos bonos; redución de tarifas ou adaptación de oferta e demanda da liña rexional e estacións intermedias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35051
Data envío: 27/08/2018 11:00:36.926

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 11:00:33



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28613**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira , sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto dos elementos de seguridade da A-54, no referido á iluminación e paneis informativos”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O 30 de marzo de 2018, debido ao fenómeno adverso meteorolóxico, o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 (CIAE 112) rexistrou un total de 58 incidencias nas estradas da provincia de Lugo.

A maioría dos avisos correspondéronse, como é habitual cando se producen estes tipo de episodios meteorolóxicos, con incidencias relacionadas con dificultades na circulación causadas pola neve, estradas cortadas ou presenza de placas de xeo. Ademais, tamén se rexistraron en moita menor medida outras incidencias relacionadas coa presenza de árbores, pedras ou pólas na estrada, bolsas de auga ou fochancas.

Todas estas incidencias rexistradas no CIAE 112 trasládanse aos organismos competentes para a súa resolución, incluído -cando a tipoloxía da incidencia así o require- ao organismo titular da vía que, no caso concreto ao que se refire esta iniciativa, é a Administración Xeral do Estado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b6f695a3-7fb0-d526-adb7-0b911db05412

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 11:00
Nº Rexistro: 35047
Data envío: 27/08/2018 11:00:03.426

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:59:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35045
Data envío: 27/08/2018 10:59:47.660

Data 27/08/2018 10:59

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28742**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación na que se atopan o Centro de Reforma de Menores Avelino Montero, de Pontevedra e os menores usuarios do centro, a consecuencia das deficiencias existentes na súas instalacións e a carencia do persoal necesario, así como as súas razóns para reducir a 3 os seus vixiantes de seguridade”**, (publicada no BOPG número 289 do 11 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 8 de xuño de 2018 pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica- ao darlle resposta á pregunta 28741 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo grupo parlamentario”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35045
Data envío: 27/08/2018 10:59:47.660

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:59:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o posible cumprimento na actualidade polo Goberno galego do acordo parlamentario do 19 de decembro de 2017, referido ás reclamacións dos sindicatos con representación entre o persoal da Administración de Xustiza de Galicia, así como a súa opinión, proposta e previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia do pasado 30 de maio daba publicidade ao Acordo acadado o 23 de maio de 2018 entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO., para a mellora das condicións de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Acadouse un acordo nos 5 puntos obxecto da convocatoria da folga para a mellora das condicións de traballo e, en consecuencia, do servizo público que estes profesionais prestan á cidadanía, a saber:

- Incremento do complemento retributivo de determinación autonómica.
- Ampliación dos supostos de incapacidade laboral transitoria nos cales se percibe o 100% das retribucións.
- Articulación dunha compensación económica que retribúa a diferenza de soldo do persoal funcionario que realice unha substitución nun corpo superior.
- Consolidación de prazas de reforzo de máis de tres anos de duración.
- Amortización de prazas prevista no marco do plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012.

Cómpre salientar que o documento asinado entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT y CC.OO recoñece

expresamente que con este acordo se dá cumprimento ao acordado no Parlamento de Galicia.

Respecto dos complementos retributivos de determinación autonómica (complemento autonómico e complemento específico), incrementaranse nas cantidades que, para cada corpo, se reflicten no seguinte cadro. O incremento producirase en tres anualidades, distribuído nunha porcentaxe sobre o total, do 50 % en 2018, o 30 % en 2019 e o 20 % en 2020, ata acadar a súa totalidade.

Corpo	Incremento (€/mes)
Médicos forenses	140
Xestión	135
Tramitación	127
Auxilio xudicial	122

Estes complementos serán revisados anualmente no terceiro trimestre de cada ano, para os efectos de que a modificación se poida incluír na lei de orzamentos de cada ano, coa finalidade de garantir que os traballadores da Administración de xustiza de Galicia manteñan unha posición por riba da media dos ámbitos territoriais con competencia en materia de xustiza, no que aos complementos retributivos de determinación autonómica se refire.

En canto á consolidación de prazas de reforzo, a Administración e as organizacións sindicais acordaron converter en postos de cadro de persoal aquelas prazas de reforzo que contén cunha antigüidade mínima de tres anos ininterrompidos. Para os efectos de cómputo da devandita antigüidade, tómase como referencia o 1 de xaneiro de 2015.

No que atinxe á amortización das prazas contidas no Plan de modificación dos cadros de persoal aprobado en 2012, a Administración comprometeuse a iniciar a negociación para a creación de novas prazas, tendo en consideración, a estes efectos, as incluídas no devandito plan de 2012. En todo caso, con respecto ás prazas ocupadas, a medida que vaian quedando vacantes iniciaranse os trámites necesarios para a súa modificación, con vistas á súa conversión en prazas de nova creación noutros órganos e servizos xa existentes ou novos vinculados á posta en marcha da nova oficina xudicial. No caso das amortizacións de prazas nas seccións penais das audiencias provinciais, a Administración comprometeuse a deixar unha praza de tramitación máis das previstas no plan de modificación dos cadros de persoal de 2012.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35041
Data envío: 27/08/2018 10:59:16.191

Ademais, o punto 8 do Acordo recolle un plan de actuación por obxectivos, de común acordo co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e coa Fiscalía da Comunidade Autónoma, en aras de axilizar o traballo nos xulgados de xeito que, con respecto aos tempos procesuais determinados polas leis, se acurten os prazos de tramitación dos expedientes xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5aae71d2-fba7-01c1-8c54-c1a936a10a89

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:59
Nº Rexistro: 35041
Data envío: 27/08/2018 10:59:16.191

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:59:12



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 28996**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego nos últimos anos en relación coa densidade de tráfico que presenta a estrada AC-214, en especial, ao seu paso polo núcleo de Pravio, a súa opinión referida á necesidade de novas actuacións para mellorar a seguridade viaria e o calmado do tráfico nesa zona, así como o tipo de medidas que se poden aplicar no punto quilométrico 5 para eses fins”**, (publicada no BOPG número 294, do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Ao respecto da seguridade viaria na AC-214 débese indicar que nesta estrada de titularidade autonómica non se ten identificado ningún tramo de concentración de accidentes durante os anos 2015, 2016 e 2017.

Non obstante, para reforzar a seguridade viaria decidiuse limitar a velocidade na zona das casas a 50 km/h, medida que xa se lle comunicou, o mes pasado, á Dirección Xeral de Tráfico. Así mesmo, a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto realizar novas medicións de tráfico nesta zona ao longo do ano 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:58
Nº Rexistro: 35037
Data envío: 27/08/2018 10:58:46.127

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:58:43



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29116**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda sobre, **“a avaliación do Goberno galego respecto da fenda salarial que padecen os mestres e o persoal docente de Galicia, así como as actuacións previstas para reducila”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A modo de contextualización lembrar que, no Parlamento de Galicia, a Consellería informou do proceso de negociación en resposta oral á pregunta con número 33014 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 10-11/07/2018; que pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11>

En datas posteriores, concretamente, o pasado 18 de xullo de 2018, a Consellería de Educación e mailos sindicatos UGT e CCOO ratificaron o documento onde se plasman as novas retribucións segundo as cales o profesorado galego pasa a situarse na parte alta da táboa retributiva ao escalar aos primeiros postos do ranking interautonómico.

En concreto, a Xunta e os sindicatos selaron un acordo que incrementa en 1.260 €/ano os salarios dos docentes en Galicia. A información pode consultarse no portal web da consellería:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/25567>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:58
Nº Rexistro: 35036
Data envío: 27/08/2018 10:58:38.659

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:58:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29243**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as sobre, **“a realización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dalgunha avaliación dos resultados da implantación da primeira fase do Plan de transporte no referido ao uso integrado das liñas regulares como transporte escolar, os datos ao respecto e a súa incidencia nas rutas escolares, así como nos horarios dos centros”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas consellerías de **Infraestruturas e Vivenda** e de **Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte de Galicia, cuxa primeira fase se puxo en marcha o 8 de agosto de 2017, tivo especial incidencia no incremento da cobertura territorial, tan necesaria dadas as características de dispersión xeográfica que ten Galicia.

Para incrementar a cobertura dos servizos a aquelas zonas onde antes non chegaba o transporte público puxéronse en marcha novas modalidades: o transporte compartido e o transporte baixo demanda, fórmulas que acadan unha maior eficiencia e rendibilidade social, evitando a circulación de autobuses baleiros.

O transporte compartido permite que en determinadas rutas os veciños poidan empregar as prazas baleiras do autobús que leva aos rapaces á escola, sempre cun servizo de acompañante para os alumnos, o que permite maximizar a oferta de liñas de autobús en zonas de baixa demanda nas que doutro xeito non sería viable o paso dunha liña regular.

O transporte compartido estase a prestar coas máximas garantías para os escolares, contando coa presenza do acompañante en todas as rutas, sen que se teñan producido incidencias salientables desde a súa posta en funcionamento.

O transporte compartido permitiu que durante o pasado período lectivo case 107.000 viaxeiros non escolares tivesen acceso a este servizo.

Esta modalidade de transporte facilita, polo tanto, unha maior cobertura territorial do servizo público de transporte nos contornos rurais galegos, contando cunha ampla aceptación social. Ademais, xa se deron pasos para mellorar a adaptación do servizo ás necesidades da comunidade educativa, mesmo coa introdución de modificacións derivadas do cambio de horarios de centros escolares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:58
Nº Rexistro: 35033
Data envío: 27/08/2018 10:58:13.892

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:58:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29251**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e dona Patricia Vilán Lorenzo, sobre **“o estado actual de aplicación do proxecto de análise de cargas de traballo na Administración autonómica galega”**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O obxecto fundamental da avaliación de cargas é poder alcanzar unha dimensión óptima das unidades administrativas co fin de lograr a eficiente realización das funcións que cada unidade ten asignadas.

No mes de abril do ano 2017 púxose en marcha o proxecto piloto de análise de cargas de traballo na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por ser este o departamento impulsor do proxecto.

Con esta experiencia piloto tentábase testar o método e valorar posibles correccións ao mesmo.

O proxecto piloto foi desenvolto por persoal da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, en concreto, por un Equipo de auditoría formado por 3 auditores e 1 analista de Xestión do Rendemento e Calidade.

Analizáronse un total de 79 unidades pertencentes todas elas á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza así como o organismo autónomo, Academia Galega de Seguridade pública (AGASP).

A primeira fase do proxecto, de Información xeral, desenvolveuse entre marzo e abril de 2017. En primeiro lugar facilitouse información xeral do proxecto piloto de medición de cargas mediante a súa presentación ás persoas responsables dos centros directivos e posteriormente ao persoal interlocutor designado por estes.

A segunda fase do proxecto, de Recollida de datos, tivo lugar en maio de 2017. Remitiuse un cuestionario estandarizado a cada unha das persoas responsables designadas respecto ás unidades obxecto de análise.

Previamente foi necesaria a identificación dos procedementos/actividades de cada unidade obxecto de análise e das ferramentas con que conta para o seu desenvolvemento e control (medios materiais e, se é o caso, aplicacións de xestión).

Nesta etapa, o equipo de auditoría asesorou a cada unha das unidades co fin de facilitar a correcta cobertura dos cuestionarios e poder resolver as dúbidas que foron xurdindo.

Celebráronse tamén distintas reunións do Equipo de auditoría coas persoas responsables designadas en cada centro directivo para determinar os procedementos/actividades que se realizan nas distintas unidades que o integran, así como as distintas fases de tramitación que forman parte dos devanditos procedementos/actividades.

Na terceira fase do proxecto, de Análise da información, que tivo lugar ata decembro de 2017, o equipo de auditoría da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, tras diferentes subsanacións e melloras, á vista da cobertura dos formularios, procesou a información e procedeu a elaborar unhas primeiras conclusións.

Por último, a cuarta fase, de Remisión, desenvolveuse a partir de xaneiro de 2018, cando a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa deu traslado do traballos realizados ás diferentes unidades para que formulasen as observacións, suxestións e recomendacións que considerasen oportunas.

Como consecuencia da anterior análise, e tras a recepción das observacións, suxestións e recomendacións formuladas polos diferentes centros directivos obtívose un primeiro avance orientativo relativo a distribución real de cargas entre as diferentes unidades que integran a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Ao mesmo tempo tamén se detectaron posibles melloras que deberán terse en conta para obter o resultado definitivo e poder estender esta experiencia piloto ao resto das consellerías da Xunta de Galicia coa finalidade de axilizar a súa implantación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/08/2018 10:57
Nº Rexistro: 35031
Data envío: 27/08/2018 10:57:58.298

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/08/2018 10:57:54

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727